



MÉRCORES, 17 DE XULLO DE 2024 MIÉRCOLES, 17 DE JULIO DE 2024 | BOP NÚMERO 137

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Exposición pública e período de cobro do padrón do prezo público pola participación en Talleres Culturais correspondentes aos meses de xaneiro a maio de 2024*

**ANUNCIO: EDICTO de exposición pública e período de cobro do Padrón do prezo público pola participación en TALLERES CULTURAIS correspondentes aos meses de xaneiro a maio de 2024.**

#### EDICTO

##### Anuncio de cobranza

Por Resolución da Alcaldía n.º 396/2024 do 10/07/2024, aprobase o padrón fiscal do prezo público pola participación en TALLERES CULTURAIS correspondentes aos meses de xaneiro a maio de 2024.

**Exposición:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 20 DÍAS, contados a partir do seguinte á publicación do edicto no B.O.P. da Coruña. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005 do Regulamento Xeral de Recadación.

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

**Recursos:** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

-Recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

-Recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose. Sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro que estime procedente.

**Período de cobro:** O prazo de cobro en período voluntario será de DOUS MESES, a contar dende a súa publicación no B.O.P. Transcorrido o prazo establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e os custos de acordo cos artigos 26 a 28 e 161 da Lei Xeral Tributaria.

Os contribuíntes poderán aboar as liquidacións nas entidades bancarias colaboradoras do concello, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade teña establecidos. Os recibos que figuren correc-tamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes.

Pontedeume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, o día 10 de xullo de 2024.

2024/4978